

O SECTOR DA EDIFICACIÓN FRONTE Á EMERXENCIA CLIMÁTICA¹

Nun contexto rompedor, marcado tanto polos efectos da globalización e a dixitalización como pola superpoboación, o esgotamento progresivo dos recursos naturais, a perda da biodiversidade e o aumento da inestabilidade social que todo isto está provocando, **os profesionais e as empresas do sector inmobiliario e da edificación recoñecemos que o cambio climático constitúe o desafío máis urxente dos nosos días e que XA é tempo de actuar**, asumindo responsabilidades individuais e colectivas.

No noso ámbito, estamos firmemente concienciados e comprometidos coa “Agenda 2030” da ONU e coas iniciativas globais destinadas a protexer e conservar o noso planeta, garantindo a calidade de vida das xeracións presentes e futuras. Por este motivo, consideramos imprescindible admitir a actual situación de emerxencia climática e a importancia capital de transformar e adaptar o hábitat construído, dado que os edificios e a construción son causantes de case o 40% das emisións de dióxido de carbono á atmosfera co conseguinte impacto sobre os nosos hábitats naturais.

Para os profesionais e empresas do sector da construción, satisfacer as demandas e necesidades da nosa sociedade respectando os límites e equilibrios ecolóxicos da terra esixe un cambio de paradigma no noso comportamento. Polo tanto, necesitaremos deseñar e construír edificios, cidades e infraestruturas que comecen a entenderse como compoñentes indivisibles dun sistema máis grande, resiliente e autosostible, durante todo o seu ciclo de vida.

Dispoñemos dos coñecementos e técnicas para iniciar esa transformación. Agora, son necesarias a vontade, o compromiso e a cooperación de todos para que os cambios sexan reais e á velocidade adecuada, antes de que os danos sexan irreversibles.

Para iso, os profesionais e as empresas do sector inmobiliario e da construción en España **COMPROMETÉMONOS A TRABALLAR PARA:**

- Impulsar cantas iniciativas sexan necesarias co fin de concienciar á cidadanía sobre a emerxencia climática e a necesidade de adecuar vivendas, edificios e cidades para poñerlle freo.
- Colaborar coas administracións públicas para acelerar a transformación das cidades e dirixila cara a sostibilidade.
- Fomentar a sostibilidade medioambiental, social e económica nas nosas actuacións e establecela como criterio de calidade no desenvolvemento de proxectos, concursos públicos, premios e exposicións.
- Compartir coñecementos e investigacións e crear alianzas estratéxicas.
- Acelerar o ritmo da rehabilitación e a adaptación do parque de edificios existentes para poder cumprir cos obxectivos establecidos.
- Ter en conta o ciclo de vida completo dos edificios, respectando os principios de economía circular na medida do posible.
- Apostar por deseños que vaian alén do estándar de emisións de carbono nulas.
- Colaborar para reducir aínda máis os refugallos que xera a construción e a fomentar o uso de materiais renovables de baixo impacto medioambiental en todo o noso traballo.
- Promover un uso responsable dos recursos naturais en arquitectura e urbanismo desde a dobre perspectiva cuantitativa e cualitativa.

¹ Declaración impulsada polo “Observatorio 2030” do Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España (CSCAE)